



GRUPO FOLCLÓRICO NOSA TERRA

Nosa Terra de Pereiras é un grupo tradicional fundado no ano 1981 en Mos, Galiza, co obxectivo de contribuír á conservación da cultura tradicional galega na parte de músicas e bailes. Con esta idea o grupo componse dunha parte de baile e outra de música, no que se poden ollar, alén da voz, instrumentos tradicionais como a gaita, o bombo, o tambor ou a pandeireta, así coma outros de tradición máis recente como o acordeón ou o clarinete.

Os bailes e músicas fan un percorrido por toda a xeografía galega dos séculos XVIII a XX. Estes bailes son de coreografías elaboradas no presente baseándose en coñecementos tradicionais, máis tamén totalmente tradicionais recollidas de persoas maiores.



Os traxes dos bailadores e músicos representan algúns dos diferentes xeitos de vestirse na Galiza: traxes para casamentos, celebracións, traballo... que se caracterizan polo seu gran número de pezas, sobre todo na muller.

Nosa Terra ofrece un espectáculo que desprende a historia dun pobo cunhas músicas e bailes moi alegres, que fan vibrar ao espectador no seu asento.





GRUPO FOLCLÓRICO NOSA TERRA

Festivais nacionais: Gijón, Villada (Palencia), Velez-Málaga (Málaga), Mallén (Zaragoza), Fuente el Fresno (Ciudad Real), Urrextu (Guipuzcoa), Villena (Alicante), El Vendrell (Tarragona), León, Ibiza, Alba de Tormes (Salamanca), Aluche (Madrid), Sestao, Cabezón de la Sal (Cantabria), Palma de Mallorca, Oviedo, Gijón, Festival de San Tomera (Murcia), Festival de Ribadesella (Oviedo), Festival de Baza (Granada).

Festivais no estranxeiro: Portugal: Festival Internacional Festitradições do Mundo, Folk Cantanhede... Italia: Festival Internacional del Folklore "Incontro di Cultura" (Morrovalle, Porto Recanati, Fermo, Macerata, Montappone). Croacia: International Folklore Festival de Zagreb. Bélxica: Festival internacional de Folklore de la Ville deTournai. Francia: Festival des Folklores du Monde "Envie d' Ailleurs" (Bray-Dunes, Dunkerque, Calais), La Ronde des Copains (Ambert, Clermont-Ferrand, Fournols), Saint-Loup (Guingamp). Eslovenia: Mediterranean International Folklore Festival (Piran, Koper, Portoroz, Postojna, Umag -Croacia). Alemaña: Danetzare (Erfurt).

Local Social Os Castros

Casal, 75

36419 - Pereiras - Mos (Pontevedra)

Web : www.gruonosaterra.com

Mail : gruonosaterra@yahoo.es

Teléfono : 625 122 334

